

En previsión de nostalxia | Antonio Basanta Fernández

Meu pai añoraba a vida en Bidueiros, aquelas 25 casas ao pé do mar; os que tivemos a sorte de pertencer á xeración da chegada da "aluminia" non queremos vivir do recordo

By **Redacción** - 5 Xuño, 2020



A planta de alumina e a praia de Paraños, onde se soían bañar os habitantes de Bidueiros. CONCELLO DE CERVO

Escribo isto o mesmo día que meu pai tería cumprido 77 anos. Dos 65 que puido desfrutar (e nós del), máis ou menos a metade viviunos (cando estaba en terra, claro) en **Bidueiros**. Naquela aldea estaban o 100% das miñas raíces. Meu pai era da **Aldea de Baixo** e miña nai **da de Riba**. Separábaos a **vía do tren** (ou, ben certo, daquela solo o terreo explanado para instalar as travesas e raíles).

Un bo día dixéronlles que alí se ía instalar unha fábrica de **aluminio** e venderon o que tiñan e trocaron a casa levantada para virse a unha nova na **Veiga**. Bueno, vendeuno e acordou miña mai polos dous, porque meu pai estaba no mar. Non fixo nin foi mal cambio. Decía miña abuela **Josefa do Capón** que debéramos ter vido para **San Ciprián** vinte e cinco anos antes.

OUTRA VIDA

Un día, cando xa as pedras chegaban polo aire ás casas por efecto dos barrenos que escachaban os montes da **Vesura** ou abrían a canteira para facer o porto que arranca entre a **Saleira** e **Paraños**, miña mai cargou nun **Land Rover** a roupa e algúns mobles que tiñan, montou a meu irmao na bicicleta con seis anos e sentou a miña irmá, con catro, no portavultos da súa e arrancou para o **Porto**, onde lle alugaron unha casa mesmiño na beira da **Plazoleta**. Tampouco era mal sitio. Cando meu pai chegou do mar non sabía onde vivían e tiveron que ser os da casa de **Amadora** os que lle indicaron onde estaban. Comezaba outra vida.

Sendo neno, e namentres meu pai me podía levar no seu *vespino*, moitas tardes de domingo achegábame con el ata a **ponte da Acaroadá**. Alí parabamos, deixabamos a moto e quedabamos mirando para un montón de entullos de ladrillo no que as máquinas converteran a casiña na que viviron media ducia de anos. Eu non entendía daquela a súa recorrencia en volver moitos domingos. Hoxe si que o entendo.

UN CAMBIO POSITIVO

Meu pai sentía a nostalxia da vida en Bidueiros, coma todos os que un día poboaron as arredor de **25 casas** que había naquela aldeíña ao pé do mar. Sentía tal apego que durante anos a auga que bebíamos solo viña da **fonte de Amear**. El seguía trazando os camiños na súa mente para chegar aos prados e aos tarreos que quedaron debaixo da planta. Sabería chegar á lagoa cos ollos pechados aínda que estivera soterrada debaixo de **Alúmina**. Meu pai tiña nostalxia, añoranza e recordo, pero non renegaba do que lles trouxera ese cambio. Sabía que fora positivo e que trouxera cousas boas para eles, para nós e para o pobo.

Aquel cambio trouxo **moitos nenos**, que se fixeron amigos a pesar da múltiples procedencias. Trouxo unha escola nos baixos da Veiga, á que íamos boa parte dos que tivemos e temos a sorte de formar parte da xeración da chegada da **“aluminia”** (daquela non nos parábase nos nomes técnicos...) e da que me teño escapado algunha vez ata que me tornaba **Damián** para volverme ás aulas.

Aquel cambio trouxo unha vila dinámica, con múltiples servizos e adiantos. Hoxe, aínda na cidade, non poido deixar de comparar o que temos en San Ciprián **sen ningún atisbo de desvantaxe coa capital**. Mesmo lle vexo moitas vantaxes, porque sumamos culturas, xentes e eses servizos sen perder un ápice do que significa vivir onde todos nos coñecemos.

OUTROS 40 ANOS MÁIS

Aquel cambio trouxo novos traballos. Diferentes traballos. Trouxo traballos que modificaron mesmo o estilo de vida. Moita xente optou por aquela saída. E cando digo moita, é moita. E cada

vez que a fábrica túsí, coma na **suspensión de pagos de 1982-1983** e no **Nadal de 1987**, o pobo tremía. Un dos acordos máis sombríos e vívidos que teño é o dunha veciña chorando durante a crise dos bidóns do **Casón** pola posibilidade de perder o sustento da familia. Quedoume gravada a lume a súa pena e aquel temor que reflectía nos seus ollos.

Por iso, agora que os nenos daquela xeración da “*aluminia*” e os fillos daquela veciña e moitos bos amigos son os protagonistas dunha crise na fábrica. Só quero pensar, co corazón e coa cabeza, en que esta planta ten futuro e en que pode saír adiante, porque nin eu, nin San Ciprián nin **A Mariña** queremos cambios neste momento.

Non queremos vivir a nostalxia, a añoranza e o recordo. Aínda que teñamos que pasar por intres duros, queremos **outros 40 anos de aluminio** en San Ciprián. Queremos outra xeración de **alumineros** e unha planta tan duradeira e de calidade coma o produto que fabrica.

***Antonio Basanta Fernández** naceu en San Cibrao (Cervo) en 1978. É licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela (1996-2001), na especialidade de Administración pública. Máster en Economía Pesqueira da USC (2007), doutorando en Ciencias Económicas (USC), especialista en procesado e estudo de datos con SPSS/Windows (USC) e mariñeiro de ponte da Mariña Mercante. Actualmente é xefe de gabinete da Consellería de Mar.*

Redacción